



## *Visitas guiadas á Sala de Control Semafórico*

### *Actividade para todas as idades*

---

Esta é unha actividade lúdica, complementaria á formación en educación viaria. A súa finalidade é achegar ao alumnado as nosas dependencias e ensinar o funcionamento da Sala de Control Semafórico na Estación de Autobuses, sede da Concellaría de Mobilidade Sostible. Dende este departamento controlamos o tráfico a través das 41 cámaras ubicadas estratéxicamente na cidade. Ademais poderán ver o manexo dos panéis luminosos que informan aos condutores da situación das vías, e de todo o que pode incidir no tráfico: obras, carreiras, eventos... E sobre todo, amosar os elementos básicos de articulación da rede semafórica.

### *Actividade complementaria para todos os grupos*

#### **OBXECTIVOS:**

- Descubrir como se desenvolve o traballo policial no control do tráfico.
- Aprender os elementos básicos de articulación da rede semafórica.
- Achegar ao alumnado ás dependencias policiais.
- Relacionarse coa Policía Local dende unha perspectiva formativa e colaboradora.

#### **ACTIVIDADES:**

- Visita guiada e explicación do traballo dos policías locais destinados na Sala de Control Semafórico. De forma interactiva, buscando favorecer a comunicación co grupo nun ambiente distendido.

#### **TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:**

- 40 minutos.

#### **RECURSOS:**

- Sala de Control.